



A XUNTA FACILITOU A CONSTITUCIÓN TELEMÁTICA DE MÁIS DE 900 NOVAS EMPRESAS A TRAVÉS DO IGAPE

Dende a posta en marcha da súa rede composta por 7 Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Consellería de Economía e Industria, facilitou a tramitación para a constitución de 900 novas sociedades mediante o sistema telemático que incorpora a figura xurídica Sociedade Limitada Nova Empresa (SLNE), especialmente orientada aos impulsores de novas iniciativas empresariais e que en Galicia está a ser moi requirida desde o comezo. O sistema de tramitación telemática xa está estendido tamén ás sociedades de responsabilidade limitada (SRL).

Este sistema baseado nas novas tecnoloxías axiliza o proceso de constitución de novas empresas e evita moitos trámites burocráticos aos emprendedores; así, desde o momento en que os promotores acoden ao notario (única xestión presencial xunto coa realizada no PAIT do Igape) ata quedaren constituídas as súas empresas pasan por termo medio só 1,38 días hábiles, no caso das empresas constituídas como SLNE; a media no conxunto das comunidades do Estado onde está implantado o sistema é de 3,6 días. Galicia é a segunda comunidade autónoma por número de empresas creadas por esta vía, só por detrás da de Madrid, onde se puxo en marcha antes. Son galegas máis do 17% das SLNE constituídas por vía telemática en España.

Achegar aos novos empresarios a información detallada sobre as posibilidades e beneficios que aporta a SLNE para os emprendedores e, ao mesmo tempo, facilitar a constitución de novas empresas abeiradas a esta fórmula xurídica, son os obxectivos dos Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) abertos para Galicia polo Igape. Os PAIT dispoñibles nas oficinas que ten o Instituto nas diferentes cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo) permiten ós emprendedores que impulsen proxectos empresariais de pequena dimensión crear as súas empresas de maneira áxil, con apoio e asesoramento directos e con plenas garantías xurídicas.

Desde que se ampliou a tramitación telemática para facilitar igualmente a constitución de forma áxil das Sociedades de responsabilidade limitada convencionais (SRL), os PAIT do Igape.

Fonte: [Xunta de Galicia](#)



PRORRÓGASE O PROGRAMA TEMPORAL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E INSERCIÓN

A prórroga do programa implica que aos traballadores que extingan por esgotamento a prestación por desemprego contributiva ou os subsidios por desemprego entre o día 16 de agosto de 2010 e o día 15 de febreiro de 2011, lles será de aplicación o establecido na Lei 14/2009 coas modificacións incluídas por esta norma.

O artigo 1.2 da Lei 14/2009, do 11 de novembro, estableceu un programa temporal de protección por desemprego e inserción, que na súa disposición final terceira habilita ao Goberno para que, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, as perspectivas económicas e a situación de desemprego, poida prorrogar ese programa por períodos de seis meses, e, considerando que se manteñen as causas que motivaron esta medida, resulta procedente establecer a prórroga durante seis meses máis dende o 15 de agosto de 2010, adecuándoa aos criterios contidos na Resolución número 32, aprobada polo Congreso dos Deputados na súa sesión do 20 de xullo de 2010, de modo que pasan a ser beneficiarios de aquela os desempregados menores de 30 anos ou maiores de 45, así como as persoas desempregadas, con idades comprendidas entre os 30 e 45 anos, sempre que neste caso teñan responsabilidades familiares.



SUBVENCIONS PARA A CONTRATACION DE AEDL COAS ENTIDADES LOCAIS

A Consellería de Traballo e Benestar publica no DOG do 15 de setembro de 2010, a convocatoria que recolle as liñas de axuda que teñen por obxecto a dinamización do emprego no ámbito de toda a Comunidade Autónoma de Galicia, para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL) por parte das entidades locais, a través dos programas de cooperación, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na implantación das políticas activas de emprego e a xeración de emprego no ámbito local.

Unha das liñas de acción da Consellería de Traballo e Benestar para o exercicio orzamentario 2010, é a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están as medidas dirixidas, por unha banda a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade dos desempregados, mellorando as



condicións do mercado de traballo, prestando especial atención aos colectivos con especiais dificultades de inserción, no marco da Estratexia Europea para o Emprego, o Programa nacional de reformas e no eido da colaboración institucional e o diálogo social cos axentes económicos e sociais de Galicia.

Esta situación demanda o esforzo conxunto e coordinado das distintas administracións públicas que, xunto cos recursos procedentes da Unión Europea, permitan acometer programas que estimulen, de xeito inmediato, a xeración de emprego. Estas directrices poñen especial fincapé na importancia da creación de postos de traballo a nivel local desde a perspectiva de que existen novos viveiros de emprego susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego.

A constitución dun ámbito local propicio á creación de emprego require o desenvolvemento dun conxunto de funcións esenciais como son a animación, o estímulo e a innovación. Para que estas funcións se poñan en práctica é fundamental a presenza de axentes de emprego e desenvolvemento local, coa formación e experiencia adecuada que lles permita utilizar unha metodoloxía común e que poidan desempeñar diversas tarefas como promotores de actividade, prospectores de mercado e asesores puntuais de proxectos de empresa.

A contía máxima das subvencións que se concederán por cada axente de emprego e desenvolvemento local poderá ser a equivalente ata o 80 por 100 dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, co límite máximo de 27.046 euros anuais por cada contratación subvencionada e concederáse por un período dun ano, podendo prorrogarse a subvención para a contratación do axente de emprego e desenvolvemento local por iguais períodos, precisándose para cada ano unha nova solicitude e concesión de subvencións.

Será incompatible con outras subvencións ou axudas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Beneficiarios: Entidades locais ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración.

Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 15/10/2010.

Máis información: www.xunta.es/dog/



PROGRAMA DE CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS

A Cámara de Comercio a través da Fundación INCYDE está a desenvolver un programa de formación empresarial cuxo obxectivo é por unha banda determinar a viabilidade dunha idea empresarial e a súa posta en marcha para aquelas persoas que teñen un proxecto en mente ou ben acadar a maior rendibilidade posible naqueles casos que a empresa xa teña sido constituída.

O programa está dirixido polo tanto a emprendedores/as, que queiran crear a súa propia empresa e contén un proxecto e a empresarios/as que queiran consolidar o seu negocio, mellorar a rendibilidade da súa empresa ou avaliar outras alternativas de expansión.

Dentro de cada acción o emprendedor/a ou o empresario/a contará cun asesor que lle asistirá na elaboración dun proxecto ou plan estratéxico de negocio que poderá utilizar a hora de presentar a súa iniciativa ante entidades financeiras ou administracións na busca de financiamento ou axudas e subvencións.

Os métodos pedagóxicos utilizados son fundamentalmente de carácter participativo: proxectos, xogos de empresa, casos, conferencias, toma de decisións con axuda de ordenador, formación de grupos de traballo e en un mesmo mercado, impartidas por dous profesores conxuntamente.

A próxima edición desta acción formativa celebrarase en Tui a partir do día 4 de outubro polo que no caso de ter interese por participar contactar coa Cámara de Comercio de Tui no teléfono de contacto 986 60 02 16 o no correo electrónico camaratui@camaratui.com.

O curso é gratuíto e está financiado pola Consellería de Traballo e Benestar a través do Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

